



# SITUACIÓN LABORAL DOS E DAS PROFESIONAIS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE GALICIA

Informe sobre os resultados enquisa realizada por Afiprod no ano 2018 entre os aedl de Galicia

## CARÁCTERÍSTICAS DA ENQUISA

Afiprod Galicia realizou, no ano 2018, unha enquisa on line para recoller información sobre a situación laboral dos postos e profesionais de desenvolvemento local en Galicia.

O obxectivo desta enquisa foi achegarse á realidade da profesión para orientar a elaboración dun documento de apoio á mellora da situación sociolaboral destes postos de traballo.

A enquisa foi realizada na plataforma Google. O seu enlace foi enviado ás persoas asociadas a Afiprod e publicitado nas redes sociais e grupos de comunicación destes profesionais.

O contido da enquisa artellouse nos seguintes bloques:

1. Datos xerais de identificación
2. Características do posto
3. Condicións de desenvolvemento do posto
4. Situación da RPT da entidade
5. Documentación que pode achegarse
6. Observacións

A enquisa foi realizada por 85 profesionais. As entidades que forman parte da rede

galega de aedl son aproximadamente 230 polo que esta mostra representaría o 37% sobre esta rede

O 67% dos profesionais que respostaron están asociados a Afiprod.

O 32,9% das persoas que realizaron a enquisa traballan na provincia de A Coruña, o 31% en Pontevedra o 18,8% na de Lugo e o 16,5% na de Ourense. Tendo unha proporción similar á da rede de axentes de emprego e desenvolvemento local de Galicia cofinanciada pola Xunta de Galicia.

---


*Na enquisa participaron 85 profesionais, equivalente ao 37% do total da rede galega de AEDL e cunha distribución provincial similar á rede.*

---

Neste informe resumimos a información obtida coas respostas, agrupando e comparando os datos para obter unha imaxe sinxela e clara da situación dos postos de traballo e as súas características máis salientables.

### Provincia na que traballa

85 respostas





# SITUACIÓN LABORAL DOS E DAS PROFESIONAIS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE GALICIA

Informe sobre os resultados enquisa realizada por Afiprod no ano 2018 entre os aedl de Galicia

## RELACION CONTRACTUAL

A primeira imaxe que temos do colectivo é maioritariamente laboral e temporal.



Só o 9% é funcionariado a súa metade é son interinos/as.

Do 91% dos aedl con relación laboral só o 15% son fixos. Estes datos amosan a precariedade laboral do posto cun ascenso das situacións en fraude de lei, moi común nas administracións locais, que se reflicten no peso da figura de indefinidos non fixos na que se atopan o 22% dos profesionais enquisados.

As diferentes relacións contractuais inflúen nas condicións retributivas dos profesionais e evidencian desigualdades moi significativas, como veremos ao longo deste informe.

O 89,4% dos postos están subvencionados pola Xunta. Este cofinanciamento é recibido polo 43% dos profesionais dende antes do 1999 e polo 27% no inicio dos anos 2000. É evidente a aposta por unha rede de servizos consolidada por parte da Xunta o que é contradictorio coa aposta por primar contratos temporais renovables e non por servizos consolidados na que se aposte pola funcionarización e fixeza nos postos. Esta penalización dos postos estabilizados promove que as entidades beneficiarias das axudas renuncien ao persoal profesionalizado/experto e incentiva as situacións contractuais irregulares.

Se ben é certo que as entidades directamente responsables desta situación,



en claro fraude de lei, son as propias entidades locais, non deixa de ser certo que a Xunta de Galicia é coñecedora da mesma e non estableceu en ningún momento nin medidas activas para premiar a creación de emprego estable de calidade, nin medidas activas que sancionen a permanencia como persoal non fixo (sexa funcionario interino, sexa laboral temporal) das administracións ás que subvenciona

## DENOMINACION DO POSTO E TITULACION

O 83,5% dos postos dos profesionais de desenvolvemento local denomínanse **axente de emprego e desenvolvemento local**. O 10,6% denomínanse Axentes de Desenvolvemento Local e o 3,5% o de Técnico/a Local de Emprego. Un 2,4% teñen “outras” denominacións



## SITUACIÓN LABORAL DOS E DAS PROFESIONAIS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE GALICIA

Informe sobre os resultados enquisa realizada por Afiprod no ano 2018 entre os aedl de Galicia

relacionadas coa promoción económica ou as áreas/concellerías das entidades.

As denominacións dos postos coinciden coas diferentes ordes de subvención que cofinanciaron estes postos: axentes de desenvolvemento local, técnicos locais de emprego e na actualidade axentes de emprego e desenvolvemento local.


As relacións de postos de traballo (RPT) só existen no 35% dos concellos/entidades enquisados e observamos un maior peso de "outros" nomes para o posto.

Nome	Posto (%)	RPT(%)
Aedl	83,5	57,1
Adl	10,6	10,7
Tle	3,5	3,6
Outros	2,4	28,6

Cando os postos pasan a formar parte da estrutura organizativa da entidade (RPT), engaden (a emprego ou desenvolvemento) outras palabras relacionadas coas funcións propias do concello: técnico de xestión económica e desenvolvemento local, técnico de medioambiente e desenvolvemento local, técnico de emprego e xestión...

Tódolos profesionais enquisados posúen


Grupo de titulación que posúe o traballador/a  
85 respostas



titulación universitaria: un 77% teñen licenciatura (grupo A1/I) e un 22,4% son diplomados universitarios (grupo A2/II)

No entanto os postos que ocupan presentan unha redución neste aspecto: incrementase os postos con diplomatura e incluso aparecen grupos de titulacións inferiores.

*Un 21,1% das persoas licenciadas universitarias ocupan postos con categorías inferiores á súa titulación.*



Observamos nas RPT un mantemento nas titulacións de A1/I aínda que se reducen as de A2/II polo que, nas consolidacións, atopamos titulados e tituladas universitarias en postos de titulacións moi inferiores: ciclos de FP ou bachelato.

Considerando que as funcións destes postos son basicamente iguais, como se mostra nos seguintes puntos deste informe, a razón de reducir o grupo de titulación do posto atende a razóns meramente económicas (custes laborais), o que produce desigualdades entre postos e profesionais dependendo da entidade na



# SITUACIÓN LABORAL DOS E DAS PROFESIONAIS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE GALICIA

Informe sobre os resultados enquisa realizada por Afiprod no ano 2018 entre os aedl de Galicia

que se contrata.

A sobretitulación do profesional redonda beneficiosamente nas funcións e tarefas realizadas para grupos de titulación menor. Valor que non é recompensado nin valorado polas entidades.

O posto de axente de emprego e desenvolvemento local require, polas funcións e tarefas que realiza de titulación universitaria (como tamén se determinaba nas ordes de convocatoria das axudas).

## FUNCIÓNS DO POSTO

Os profesionais enquisados marcaban, na enquisa, as funcións realizadas. Os datos ofrecen o porcentaxe de profesionais que marcan estas funcións realizas.

A pluralidade de función do posto é o máis salientable dos axentes de emprego e desenvolvemento local.

No gráfico amosase as respostas sobre grupos de funcións. Atopamos un grupo con porcentaxes superiores ao 10% de


respostas:

- **Asesoramentos** a emprendedores, empresas, entidades, particulares e concello coa maior porcentaxe (19%)
- A **tramitación de axudas** e subvencións para o propio concello/entidade, empresas, emprendedores, colectivos e particulares (13%)
- No terceiro posto (12%) de función atopamos a **atención ao público, a realización de informes e a tramitación de subvencións**

No grupo de función con valores igual o inferior ao 10% atopamos a **realización de proxectos, actividades, orientación, formación, as tarefas administrativas e a coordinación de grupos.**

Dentro dos grupos de función atopamos tarefas habituais e ocasionais. Das primeiras salientan:


- Superan o 70% as relacionadas cos **servizos ao concello**: A tramitación de subvencions para o concello, as tarefas administrativas e o asesoramento ao concello





# SITUACIÓN LABORAL DOS E DAS PROFESIONAIS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE GALICIA

Informe sobre os resultados enquisa realizada por Afiprod no ano 2018 entre os aedl de Galicia



- Entre o 60 e 69% atopamos a **atención ao público sin cita previa**
- Entre o 50% e o 59% temos o **asesoramento a empresas e particulares/entidades, a realización de informes e actividades**

Nas tarefas ocasionais teñen maior presenza a realización de proxectos de empresas, europeos, a coordinación de grupos e a atención ás sedes electrónicas.

Outras funcións habituais que tamén se realizan atenden ás singularidades e necesidades da entidade e o territorio. O que subliña a adaptabilidade deste posto. Entroutras se especifican: a realización de trámites gandeiros, as xestións de mercados ambulantes, atención a oficiñas de información xuvenil ou para o consumidor, a información catastral, a atención e información turística, a participación en procesos de selección de persoal, a protección de datos, contabilidade municipal, a realización de

bases para concursos, oposición e contratacións de empresas e servizos, a atención ás redes e tic's da entidade, a realización e información sobre denuncias ambientais, a organización de feiras e eventos locais, a prevención de riscos, as relacionadas co partenariado con países en proxectos internacionais...

---

*A pluralidade de funcións define ao posto de Axente de Emprego e Desenvolvemento local como complexo, multifuncional e altamente cualificado.*

---

Os grupos de funcións e as tarefas caracterizan e este posto como técnico de alta complexidade, o sitúa nun grupo de titulación universitaria con alta responsabilidade e necesidade continúa de actualizacións en lexislacións, metodoloxías, procedementos e ferramentas.




## SITUACIÓN LABORAL DOS E DAS PROFESIONAIS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE GALICIA

Informe sobre os resultados enquisa realizada por Afiprod no ano 2018 entre os aedl de Galicia

Outra característica, dos profesionais e do posto, é a antigüidade. A experiencia e cualificación da que dota esta experiencia nas funcións e tarefas. No entanto, estas características non se traducen nas retribucións do posto.

Observamos no cadro seguinte que a

Antigüidade no posto  
85 respostas



antigüidade é o complemento que percibe maioritariamente (81%) aínda que o 99% das persoas enquisadas levan máis de 6 anos. Polo que casi 19% dos profesionais enquisados non teñen recoñecida esta antigüidade.


Salientamos tamén que as horas extras son retribuídas só para o 9,5% dos profesionais. Un 38% declara que non é compensado por estas horas e para 52% o sistema de compensación é mediante horas de libranza.

O 60% das entidades contan con Convenio Colectivo ou Acordo Regulador propio e o 64,7% non ten RPT aprobada.

Esta carencia de regulación e organización dos traballadores e traballadoras dos concellos e entidades, dificultan a racionalización e equidade retributiva. Isto afecta negativamente aos postos dos e das

axentes de emprego e desenvolvemento local.

Incluso nos casos dos funcionarios/as



atopamos unha diversidade de niveis que oscilan entre o 16 e o 26, respondendo máis a criterios arbitrarios, de intraorganización ou directamente relacionados coa capacidade orzamentaria das administracións concretas.

---

*O 19% dos profesionais non teñen recoñecida, nin son retribuídas, as antigüidade no posto e un 38% non obteñen compensación polas horas extras realizadas*

---



# SITUACIÓN LABORAL DOS E DAS PROFESIONAIS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE GALICIA

Informe sobre os resultados enquisa realizada por Afiprod no ano 2018 entre os aedl de Galicia

## AREAS FUNCIONAIS E XEFATURAS

O posto de axente de emprego e desenvolvemento local está adscrito a un área funcional relacionadas co emprego, economía ou desenvolvemento (64%), aínda que un 13% insertase nas áreas de oficiñas e administración xeral e un 10% depende directamente de alcaldía, intervención ou secretaria.

O 13% restante inxírese en áreas de xestión de asesorías ou consultoras, non teñen área funcional concreta ou están dentro de departamentos de innovación, dinamización local ou outras.


A maioría (72%) dos postos dependen directamente da alcaldía/presidencia, ben directamente ou compartido con concelleiros ou habilitados nacionais. Tamén atopamos as xefaturas das concellerías (17,65%) e a maior distancia atopamos as xefaturas exercidas por técnicos ou profesionais.

Os profesionais de desenvolvemento local realizan os seus servizos maioritariamente en concellos menores de 10.000

habitantes, polo que a dependencia xerárquica é principalmente da alcaldía.


Por outra banda, as funcións de

*As funcións destes postos inclúe asesoramento e tramitacións en ámbitos moitas veces transversais e descoñecidos para os servizos especializados dos concellos/entidades. Esta peculiaridade reforza a dependencia directa da alcaldía/presidencia ou á adscricións a varias áreas funcionais da entidade.*




asesoramento técnico e especializado en ámbitos, moitas veces, transversais e que non coñecen outros traballadores/as dos concellos, reforza a dependencia directa da alcaldía.

Adoita a realizar horas fora da xornada habitual?  
85 respostas



Área funcional do posto AEDL (%)








# SITUACIÓN LABORAL DOS E DAS PROFESIONAIS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE GALICIA

Informe sobre os resultados enquisa realizada por Afiprod no ano 2018 entre os aedl de Galicia

## CONCLUSIONS

- A enquisa foi realizada por 85 profesionais de desenvolvemento local de Galicia e con maior presenza das provincias de A Coruña e Pontevedra.
- A relación contractual da rede de AEDL de Galicia cos concellos/entidades das que dependen é maioritaria **laboral temporal/indefinido non fixos**. Esta situación é promovida pola orde de convocatoria das subvencións da Xunta de Galicia a este posto, xa que non cofinancia postos de funcionarioado.
- Convive a temporalidade contractual cunha **antigüidade no posto de entre 7 e 18 anos** e unha cofinanciación subvencionada pola Xunta de Galicia de máis de 10 anos ao mesmo posto e profesional (ver gráfico)
- O posto de axente de emprego e desenvolvemento local caracterízase por ser **multifuncional, complexo, altamente cualificado e que require de continúas actualizacións en lexislación, metodoloxías e ferramentas**.
- A variedade de funcións, que non deixan de ampliarse a medida que xurden novos proxectos ou iniciativas que outros técnicos se negan a asumir como competencias propias, segue a demostrar o carácter de técnico superior da praza en múltiples campos de traballo, sendo probablemente o posto de AEDL ao que se lle require un perfil máis multidisciplinar en toda a administración local.
- As características do posto require de **titulación universitaria e formación complementaria**. Polo que grupo de titulación é **A1/A2- I/II**. O nivel se sitúa entre o **16 e o 26** dependendo das características singulares de cada posto na súa entidade/concello
- A xefatura e dependencia adoita a ser directamente da alcaldía/presidencia
- As **consolidacións de posto amosan unha baixada no grupo de titulación** fundamentalmente de A1 a A2 aínda que o profesional teña licenciatura universitaria na maioría dos casos.
- Os postos **non son retribuídos axeitadamente** á súa complexidade e responsabilidade. Non percibindo na maioría dos casos completos de posto.







## SITUACIÓN LABORAL DOS E DAS PROFESIONAIS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE GALICIA

*Informe sobre os resultados enquisa realizada por Afiprodel no ano 2018  
entre os aedl de Galicia*

- As antigüidades non son recoñecidas ni retribuídas no 19% dos casos e as **horas extras** non son compensadas de ningunha forma no 38% dos postos.
- A carencia de **Convenios/acordos reguladores e RPT** nos concellos e entidades dificultan a racionalización e igualdade nas retribucións e condicións laborais destes profesionais

### FICHA DAS CARACTERÍSTICAS MEDIAS DO POSTO EN GALICIA E PROPOSTAS Segundos datos extraídos da enquisa Afiprodel 2018

	Características medias	Propostas
Denominación	Axente de Emprego e Desenvolvemento local	Axente de Emprego e Desenvolvemento local
Titulación	Estudios Universitarios	Estudios Universitarios
Categoría/Grupo	A1/A2 – I/II	A1/A2 – I/II Adaptada segundas funcións. Debe valorarse a sobretitulación relacionada co posto
Niveis de referencia	21-26	24 de partida Debe valorarse funcións, responsabilidades, especializacións, multifuncións e elaboración de proxectos etc
Relación contractual	Laboral Temporal/Indefinido non fixo	Funcionariado/Fixo Impulsar procesos de consolidacións e funcionarización
Antigüidade media	11 anos no posto	Recoñecemento da experiencia/cualificación no posto
Area funcional	Relacionadas co emprego, desenvolvemento local e promoción económica	Relacionadas co emprego, desenvolvemento local e promoción económica
Xefatura xerárquica	Alcaldía/presidencia	Alcaldía/presidencia
Funcións básicas	(empresa/empendedores/concello) Asesoramento Tramitación axudas e subvencións Atención ao público Realización de informes e memorias Organización de actividades	Incluir realización de proxectos Formación Dinamización socioeconómica Planificación estratéxica Outras especializadas nas características do territorio.
Convenio Colectivo/AR	Regulada por convenio da entidade	Non se debe aplicar convenios de referencias como Oficiñas e despachos xa que non se adaptan ás funcións e postos
RPT	A maioría non teñen	Debe promoverse as valoracións de posto acorde coas características definidas
Complementos posto	Non	Debe artellarse complementos do posto que retribúan as características peculiares deste posto
Antigüidade	Recoñecidas e abonadas	Promover a demanda de antigüidades equiparadas ao funcionariado
Horas extras	Si	Promover o recoñecemento e pagamento de horas extras.